



CONCELLO DE MESÍA



REDE DE
TÉCNICOS
DE EMPREGO
DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

A ENTREVISTA

A entrevista é o momento clave da busca de emprego e a miúdo o máis difícil.

A ENTREVISTA é a técnica máis utilizada nos procesos selectivos e a que máis peso ten na decisión de contratación.

Nesta proba o entrevistador avalía a túa aptitude e idoneidade para o desempeño do posto de traballo non só mediante as respostas ás súas preguntas senón tamén en función do teu comportamento e das túas reaccións.

Existen distintos TIPOS DE ENTREVISTAS:

- En función do número de participantes:
 - Entrevista individual. É a máis empregada e tamén recibe o nome de entrevista persoal. O entrevistado está só cun entrevistador.
 - Entrevista en grupo (Dinámica de grupo). Un conxunto de candidatos discuten ou intentan resolver un problema determinado formulado polo entrevistador. Este sacará conclusións relevantes para o proceso como aptitudes de liderado, creatividade, imaxinación e captación de talento.
- Segundo o procedemento distinguimos:
 - Entrevista estruturada: Este tipo de entrevista segue unha serie de preguntas fixas que son preparadas con anterioridade e se aplican as mesmas preguntas a todos os entrevistados.
 - Entrevista non estruturada: Tamén recibe o nome de entrevista libre. É aquela na que se traballa con preguntas abertas, sen unha orde preestablecida, adquirindo as características de conversación e permitindo a espontaneidade. Esta técnica consiste en realizar preguntas de acordo ás respostas que xurdan durante a entrevista.
 - Entrevista mixta: É unha mestura das dúas anteriores.

Non existen receitas nin trucos para superar con éxito unha entrevista de traballo. O mellor que podes facer é prepararte ben, coñecer as túas capacidades e cualidades e tamén ser consciente das túas debilidades. Ademais anticipar as preguntas que che pode facer o entrevistador axudarache a ir mellor preparado á entrevista laboral.

Algunhas das PAUTAS e CONSELLOS para que unha entrevista de traballo sexa positiva:

1. Infórmate moi ben da empresa e do posto de traballo ao que te presentas xa que non podes quedar en branco cando che pregunten que coñeces sobre a empresa e o posto de traballo ao que queres acceder.
2. Repasa o teu currículo, máis alá de títulos ou datas. Deberás prepararte para responder a calquera pregunta que che fagan sobre o nivel de éxitos e fracasos que tiveches en determinada empresa ou, por exemplo, cal foi a materia onde máis destacaches durante a túa época de estudante.
3. Debes dedicar tempo a preparar as entrevistas, pero tamén a practicalas con alguén que poida axudarche a analizar cales son os teus puntos fortes e débiles. É a única forma de coller soltura antes de enfrontarte á túa primeira entrevista.
4. Reúne os documentos e material indispensable. Non esquezas levar o teu CV impreso.
5. Acude só.
6. Sé puntual, preferiblemente cinco minutos antes. Chegar tarde é unha das peores primeiras impresións que podes dar nunha entrevista de traballo.
7. Preocúpate da túa imaxe persoal. Elixe coidadosamente a roupa que levarás á entrevista, sempre tendo en conta o posto de traballo ao que optas. Outros dos puntos clave é a hixiene persoal.
8. Saúda sorrindo e cun apertón de mans firme. O sorriso e a cordialidade son os teu aliados na entrevista.
9. Mira ao entrevistador aos ollos. Con isto transmítes confianza e seguridade.
10. escoita con atención e non interrompas ao entrevistador.
11. Fala de forma clara, concisa e estruturada, sen titubeos, utilizando unha linguaxe sinxela e positiva.
12. Móstrate educado.
13. Aínda que esteas nervioso, intenta mostrar unha imaxe de seguridade e actitude positiva.
14. Séntate recto, pero sen rixidez.
15. Debes manter a cordialidade e a amabilidade ata o final.
16. Ao rematar a entrevista da as grazas e despídete do entrevistador polo seu nome.

Cando acabes a entrevista, tómate un tempo para repasala e reflexionar sobre ela. Apunta as impresións que tiveches e que tal che foi. Para futuras entrevistas serache útil recordar o que che preguntaron e o que contestaches.

PREGUNTAS MÁIS COMÚNS NUNHA ENTREVISTA DE TRABALLO

Nunha entrevista de traballo sempre hai preguntas que son máis comúns pero hai outras que son impredecibles.

A continuación atoparás un listado de preguntas que soen formular en calquera entrevista de traballo. Para algunhas suxerímosche unha posible resposta.

Non acudas a ningunha entrevista de traballo sen previamente preparar a resposta a estas preguntas dunha forma coherente coa túa forma de ser e respondendo con naturalidade e sinceridade.

As preguntas estarán relacionadas coa túa formación, o teu antigo traballo, relativas á empresa e ao posto ofertado, preguntas persoais e estilo de vida, sobre o soldo, ...

➤ ALGUNHAS POSIBLES PREGUNTAS E RESPOSTAS

- Como se describiría? Resposta (R): Utiliza o teu encanto para venderte: “Gústame aprender”, “Son unha persoa dinámica”, “Gústame traballar en equipo”, “Teño iniciativa”, ...
- Dígame as súas maiores virtudes e defectos. R: Coidado. Que non che de un ataque de sinceridade, recorda que queres vender o mellor de ti profesionalmente. As túas mellores respostas poden ser: Virtudes: “Son unha persoa comprometida”, “Teño unha actitude positiva”, “Acepto ben as críticas e gústame aprender delas”. Defectos: “Son moi esixente comigo mesmo”, “Defendo a miña postura cando creo que teño razón”, “Son un pouco despistado, por iso levo unha axenda onde anoto todos os meus temas pendentes”.
- Que lle fai ser mellor que o resto de candidatos? R. Nunca fales mal do resto dos compañeiros, nin aquí nin no traballo. Pon en valor as túas aptitudes e relacións co posto ao que aspiras: os teus estudos, a túa experiencia o teu don especial para os requisitos deste traballo. “Considero que teño a capacidade para abordar con éxito este posto, ademais de moitas ganas de intentalo e de demostrar a miña valía”.
- Por que escolleu estudar ...? R. Cando che preguntan pola túa formación, debes responder con seguridade e paixón pola túa profesión. Queren xente segura de si mesma e con seus obxectivos claros: “Escollín a carreira que me apaixonaba”, “Sempre quixen ser ...”, “Sabía que este sector era perfecto para min”, “Era a opción que máis encaixaba coas miñas expectativas”, “Sempre sentín esta vocación”, ...
- Canto tempo lle gustaría traballar connosco? R. “Cando máis tempo mellor. O importante é que estean a gusto co meu traballo e que eu o estea tamén coa empresa”.

- Que aspecto non lle gusta do seu xefe? R. “Na miña experiencia profesional traballei con diferentes tipo de xefes e utilizando diferentes metodoloxías de traballo, pero creo que son unha persoa que me adapto ben a calquera tipo de metodoloxía de traballo”.
- Por que quere traballar aquí? Que é o que máis lle atrae do posto ao que opta? R. Non digas que buscas calquera cousa en calquera sitio porque acabarás coas túas posibilidades. Fai referencia ao sector, e logo á empresa destacando algún dato importante, a súa situación estratéxica respecto aos competidores, os seus valores corporativos, os seus proxectos, produtos, ... Verán que coñeces a empresa e deixarás ben clara a túa iniciativa e interese polo posto.
- Cal é o seu modelo de traballo? R. Eficiencia é a palabra clave. Aos seleccionadores o que máis lle importa é atopar un profesional resolutivo, organizado e, por suposto, eficiente.
- Que espera de min como xefe? R. “Poder contar co apoio e axuda necesaria para desenvolver o meu posto de forma eficaz”.
- Traballaría os fins de semana? Levaría traballo á casa? R. É importante que marques límites, deixando claro que aspiras a un traballo que che permita compaxinar, na medida do posible, a túa vida persoal e profesional pero puntualiza que se fose necesario de maneira excepcional realizarías horas extras ou continuarías o proxecto na casa, estarías disposto a facelo sen problema. “En principio non tería inconveniente”.
- Está vostede casado e ten fillos. Non pode representar un problema de conflito de intereses persoais e profesionais? R. “Penso que non. Estudei e desempeñei a miña profesión durante algúns anos e sempre lles dei gran importancia. Ata este momento non existiu ningún conflito”, “A miña parella valora igualmente a miña profesión e o meu traballo, Por outra parte, os nenos atópanse ben atendidos pola súa avoa. Ata agora, repito, non existiron problemas e non creo que teña que presentarse ningún no futuro”, “O matrimonio é un compromiso responsable coa outra persoa, e isto axúdame a ser responsable e comprometido tamén no ámbito laboral. Ata este momento sempre conseguí conciliar a vida laboral coa familiar”.
- Está solteiro. R. Apórtame maior autonomía e dispoñibilidade.
- Falta de experiencia para o posto. R. Maior capacidade de adaptación. Maior motivación. Maior facilidade para asimilar cousas novas. A falta de experiencia a compenso con potencial. A miña formación é útil para este posto de traballo.
- Estar en paro por un tempo. R. Non estiven desocupado. Aproveite para estudar, prepararme, reciclarme profesionalmente.

➤ ALGUNHAS OUTRAS POSIBLES PREGUNTAS

- Foi un bo estudante? Que materias che resultaron máis difíciles?
- Colaborou nalgunha actividade extra académica como voluntariado, actividades culturais, etc?
- Prefire traballar só ou en equipo?
- Como traballa baixo presión?
- Como organiza o seu tempo?
- En que traballou anteriormente? Que experiencia profesional tivo similar a esta?
- Viviu algunha situación problemática no seu último traballo? Como a resolveu?
- Que aprendeu dos seus erros?
- Que sabe acerca desta empresa?
- Cando está desbocado de traballo, que fai? Como se organiza para acabalo?
- Onde se ve no prazo de cinco anos?
- Estaría disposto a trasladarse de cidade ou país?
- Que nos aportaría se o contratamos?
- Que salario lle gustaría recibir?
- Que outras empresas/ofertas estás barallando?
- Profesionalmente, que obxectivos ten?
- A que dedica o seu tempo libre?
- Pertence a algún club, asociación e/ou sindicato?
- Por que busca traballo?
- Considera que tivo éxito na súa vida profesional?
- Se vostede fora o encargado de realizar esta selección, que calidades lle gustaría que reunira o candidato?
- Ponse nervioso ao falar en público?
- Que consideras máis importante: rematar un traballo no tempo sinalado ou facelo ben?
- Que conclusións saca vostede da nosa entrevista?

Normalmente, a última pregunta que soe facer o entrevistador é a seguinte: **TES ALGUNHA DÚBIDA OU PREGUNTA?**

Algunhas preguntas demostrarán que pensaches seriamente en unirse á empresa. Intenta formular preguntas que demostren o teu coñecemento da empresa ou do seu sector.

A información que recibas axudarache a decidir se a empresa e o posto de traballo che interesan realmente. A empresa non é a única que selecciona, ti tamén.

POSIBLES PREGUNTAS XERAIS SOBRE A EMPRESA E POSTO DE TRABALLO:

- Existe un programa de formación para os empregados?
- Cantas persoas forman o departamento?
- Cales son as posibilidades de promoción dentro da empresa?
- Ten a empresa plans de expansión?
- Trátase dun posto de nova creación ou dun posto que existía xa na empresa?
- Que espera a empresa da persoa que ocupe o posto?
- Cal sería a miña posición dentro da organización? De quen dependería xerarquicamente ou cantas persoas estarían ao meu cargo?
- Traballaría en equipo ou de forma autónoma?
- Pódeme informar cales son os próximos pasos do proceso de selección?
- Cando finaliza o proceso de selección?

O QUE NON SE DEBE PREGUNTAR:

Soamente se o entrevistador menciona o tema de retribución podes entrar neste asunto. Senón, espera a que che fagan unha proposta en firme na próxima entrevista antes de negociar o salario.

Este mesmo argumento é igual de válido para o tema das vacacións ou horarios.

Non intentes saber nese momento se tes posibilidades de ser contratado ou non.